

# **SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO**

**INFORME DE REVISIÓN INTERNA  
CONVOCATORIA: 2014**

**Mestrado Universitario:  
Máster en Dirección Pública y Liderazgo Institucional**

**INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO**

**INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓNS**

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 28/07/2015

<b>DATOS DO TÍTULO</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO TÍTULO</b>	Máster en Dirección Pública y Liderazgo Institucional
<b>CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO</b>	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
<b>RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO</b>	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

**XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO**

**- Información pública:**

A información pública é clara, accesible e esta actualizada na propia web do Título (<http://masterdireccionyliderazgo.com/>) e correspondese ca contida na memoria vixente. A páxina está ben estruturada e organizada en seccións o que facilita a súa accesibilidade. O centro de referencia é a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (Campus A Xunqueira – Pontevedra), onde se facilita toda a información necesaria para a matrícula, preinscripción, asuntos de docencia (programas, titorías, profesorado), Calidade e información adicional. (<http://www.csc.uvigo.es/index.php/>).

Tamén se pode acceder a información do Título e a súa memoria a través da Web da Uvigo- no apartado de Estudos e Titulacións-Másteres 214-2015 e no apartado de Campus- Campus de Pontevedra, onde se recollen as titulacións que se imparten, pero a información non esta actualizada, o Mestrado Universitario en Dirección Pública e Liderazgo Institucional, non aparece.

No apartado de recomendacións recóllense unha proposta de melloras a levar a cabo para mellorar a calidade da información pública do título, referentes o PAT, memoria, calidade etc. É moi importante que se recolla de forma clara e accesible a Política e Obxectivos de Calidade e o informe de grado de cumprimento para cada un dos cursos académicos, así como, seguir traballando na publicación de información referida o Sistema de Garantía de Calidade.

**- Valoración do cumprimento do proxecto:**


A reflexión é completa e coherente e arguméntase tendo en conta os principais aspectos de análise de cada un dos criterios. Los argumentos utilizados na reflexión son sólidos e fundamentase nos resultados das enquisas de satisfacción do título, a taxas académicas e outros indicadores xerados polo SGC. Se han proposto accións de mellora coherentes ca reflexión. Detectase puntos débiles e no apartado de recomendacións para a mellora proponse accións de mellora a levar a cabo. Debese seguir mellorando a implantación do Sistema de Garantía Interno da Calidade.

Recoméndase para futuros informes de seguimento que ás reflexións no só se centren en describir as accións que se planifican e desenvólvense, se non que é importante aportar información de cómo e cal é o resultado que se obtén, o que axudará a identificar debilidades e oportunidades de mellora.

**- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:**

A totalidade das recomendacións suxeridas no informe final de verificación foron obxecto de análise, dando lugar a correccións ou accións de mellora. Xustificanse debidamente todas as accións, o responsable e o estado das mesmas.

Vigo, a 28 de xullo de 2015



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

## 1. Información pública

**Resultado:**

**Conforme**

**A**

**B**

**Non Conforme**

**C**

**D**

### XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

#### Fortalezas:

A información pública é, en xeral, completa. Valórase positivamente a dispoñibilidade, os contidos e o acceso, de xeito directo, á información pública. Ten unha clara orientación ó usuario. A información é accesible dende a páxina web da facultade e dende a páxina web do mestrado.

#### Non conformidades:

#### Recomendacións para a mellora:

- Recoméndase incluír un apartado que recolla a descrición do Título.
- Recoméndase recoller de forma clara e accesible a Política e Obxectivos de Calidade e o informe de grao de cumprimento para cada un dos cursos académicos.
- A información do PAT (Guía) está na web do Mestrado, e sería necesario publicar o listado de alumnos tutorizados e profesor titor correspondente, para que o alumnado teña acceso.
- Na web Uvigo xa esta colgada a memoria definitiva do Título (a vixente), pero na web do Mestrado e na web da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación segue a copia de “pendente de envío”. Recoméndase actualizala.
- Maila que aparece na web a memoria do título, sería necesario que ésta estivera dividida en apartados para que o usuario accedera á información de xeito rápido e accesible. Recoméndase incluír nun apartado a descrición do título (faise referencia pero incompleta en <http://masterdireccionyliderazgo.com/491-2/>, non aparece toda a información relevante, idioma de impartición, coordinador do título, etc).

**INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR**

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Información sobre prácticas</b>                      O título non contempla a existencia de prácticas. A estrutura do plano de estudos recóllese de forma ampla e completa na páxina web, clarificando claramente a organización do mesmo  <b>Enlace:</b>  <a href="http://masterdireccionyliderazgo.com/plan-de-estudios/">http://masterdireccionyliderazgo.com/plan-de-estudios/</a></p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b> Abonda coa publicación da estrutura do plan de estudos.</p>
<p><b>Sistema de garantía de calidade (SGC)</b>                      Ao tratarse dun SGC de Centro, a titulación acolle e implementa os procedementos de calidade, de acordo as decisións acordadas na Comisión de Calidade na que está representado o Mestrado.                       Por unha cuestión de operatividade, para evitar duplicidades e axilizar a actualización da información, dende a titulación fálitase mediante un enlace á web do centro, o acceso á información relevante asociada ao mesmo.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b> A Información do SGIC pode estar centralizada na web da facultade</p>
<p><b>Sistema de garantía de calidade (SGC)</b>  <b>Informes de resultado de EAD.</b>                      Non se dispoñen de resultados de avaliación. Ao tratarse dun mestrado on line, e os procesos de EAD ligados a enquisas presenciais, o mestrado non dispón de resultado de EAD. Dende a Comisión Académica e a Coordinación do mestrado trasladouse á Área de Apoio á Docencia e Calidade a necesidade de realizar unha adaptación do proceso de enquisas ás titulacións non presenciais como é o caso do mestrado.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b> A Área de Calidade deberá solucionar este problema</p>
<p><b>Histórico das taxas.</b>                      No momento de redacción do informe só era posible facer referencia ás taxas académicas do curso 2013-2014, primeiro ano de implantación do mestrado, a partir deste curso 2014-2015 será posible engadir o histórico correspondente.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <b>Xustificación:</b>                      Recoméndase, a partir de agora incluír o ano de referencia das taxas publicadas</p>

**2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido**

**Resultado:**

**Conforme**
 **Non Conforme**  
 **A**
 **C**  
 **B**
 **D**

**XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN**

**Fortalezas**

Criterio asociado	Xustificación
<b>1. Descrición de la titulación</b>	A reflexión é coherente, tendo en conta os principais criterios de análise. Cabe valorar o esforzo da dirección do Mestrado para crear e desenvolver un procedemento que permita a tramitación da certificación académica e o título do Mestrado.
<b>3. Obxectivos e competencias</b>	A reflexión é completa e coherente e argumentase tendo en conta os principais elementos de análise. Valoración alta do criterio nas enquisas de satisfacción por parte do profesorado e o alumnado. Valórase a posta en marcha dun procedemento que permita valorar a adquisición de competencias a través da plataforma Fatic.
<b>4. Acceso e Admisión de estudantes</b>	Valoración alta do criterio nas enquisas de satisfacción por parte do profesorado e o alumnado. Valórase especialmente o perfil de ingreso
<b>5. Planificación de las enseñanzas</b>	Valórase especialmente a realización de enquisas de satisfacción interna para o alumnado e profesorado.
<b>6. Recursos Humanos</b>	Adecuación do perfil do profesorado, diversidade de universidades de procedencia (92% de doutores y 42 quinquenios) y 13 sexenios. Enquisa propia para que o alumnado valore o profesorado, alcanzando nos ítems puntuacións moi elevadas.

**Non Conformidades**

Criterio asociado	Xustificación

**Recomendacións para a mellora**

Criterio asociado	Xustificación
<b>1. Descrición da titulación</b>	<p>Sería necesario que no informe aparecera reflectida a fecha de aprobación na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. No tipo de educación axustarse a memoria, pon "virtual" e no informe "no presencial".</p> <p>No apartado normas de permanencia o link do Mestrado non leva a Normativa de permanencia, revisar xa que o link correcto é "<a href="http://masterdireccionyliderazgo.com/otra-informacion-de-interes/">http://masterdireccionyliderazgo.com/otra-informacion-de-interes/</a>"</p> <p>- Recoméndase incluír na reflexión o idioma de impartición do mestrado. Na información sobre o idioma, só se fai referencia o castelán e pola contra na memoria tamén se recolle o Inglés.</p>
<b>3. Obxectivos e competencias</b>	<p>-Deberíanse revisar as guías docentes incluíndo a correlación entre metodoloxía, avaliación e competencias.</p> <p>-Recoméndase en sucesivos informes a reflexión da adquisición de competencias a través dos Traballos Fin de Mestrado.</p> <p>- Recoméndase reflexionar sobre ás taxas académicas, xa que permitennos obter unha visión de se os estudantes acadan os obxectivos e competencias.</p> <p>- Recoméndase (oportunidade de mellora) recoller información sobre os</p>

	<p>empregadores e completar a reflexión incluíndo información sobre a coherencia entre o perfil de ingreso recollido na memoria e o perfil real de ingreso dos estudantes matriculados</p>
<p><b>4. Acceso e Admisión de estudantes</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoméndase reflexionar con maior profundidade sobre ás accións levadas a cabo para a promoción da titulación e captación do alumnado e os seus resultados.</li> <li>- Recóllense no apartado de boas prácticas: uso de redes sociais, accións de acollida, non sendo o apartado correcto xa que as accións descritas non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, repicabilidade...).</li> <li>-</li> </ul>
<p><b>5. Planificación das ensinanzas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoméndase facer referencia aos resultados nas materias (ítems 1 e 2) das enquisas de Avaliación docente.</li> <li>- Recoméndase reconsiderar o incluído como Boas prácticas. A maior parte das accións recollidas non se axustan ao concepto de "Boas Prácticas" (innovación, creatividade, modelo, repicabilidade...), ejemp. "protocolo de coordinación", e unha práctica habitual e necesaria en todos os Centros da Uvigo, "reunión curso académico" e un proceso operativo inherente o proceso establecido.</li> <li>- Proponse como varias propostas de mellora neste criterio que non responden a ningún problema ou debilidade detectada na reflexión "Revisión en profundidade das Guías ... etc". As accións de mellora deben responder a debilidades detectas na reflexión efectuada.</li> <li>- Recoméndase recoller en cada un dos criterios as propostas de mellora, a elaboración do Plan de Melloras, aínda que despois se recollan o final do informe na táboa resumo.</li> <li>- Recoméndase facer un análise do desenvolvemento do PAT e o seo grado de satisfacción.</li> </ul>
<p><b>9. Sistema de Garantía de Calidade</b></p>	<p>A reflexión sobre este criterio é incompleta, non ten en conta os principais criterios de análises que inclúen a información pública, o cumprimento de proxecto establecido, as enquisas de satisfacción e as queixas e suxestións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoméndase facer referencia máis explícita os cambios nos documentos do SGIC e o seu nivel de implantación no título.</li> <li>- Recoméndase facer referencia máis explícita o nivel de cumprimento na recollida de evidencias xeradas pola implantación do Sistema de Garantía de Calidade.</li> <li>- Recoméndase recoller as principais decisións tomadas no marco do SGC.</li> <li>- No apartado de Propostas de mellora se recollen propostas que non responden a ningunha debilidade detectada na reflexión. Recoméndase que as acción de mellora propostas respondan a unha debilidade detectada na reflexión.</li> </ul>

## VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p><b>1.Descrición da titulación: Información profesión regulada</b> O mestrado non capacita para ningunha profesión regulada</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b>  <input type="checkbox"/> <b>Non</b>  <b>Xustificación:</b></p>
<p><b>2. Xustificación</b> A memoria do título é moi recente. Convinven dous planos de estudo distintos. O mestrado actual cunha carga de 60 créditos foi implantado no curso 2013-2014, curso ao que se refire o autoinforme presentado. A xustificación recollida na memoria, polo tanto está plenamente en vigor. Dado o curto percorrido do mestrado non se considera oportuno nin necesario realizar unha revisión do estado de situación da titulación no referido a súa xustificación. Polo anteriormente exposto, tampouco é posible realizar unha análise de inserción laboral dos egresados, non tendo transcorrido o tempo necesario para realizar con garantías técnicas e formais o citado estudo.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b>  <input type="checkbox"/> <b>Non</b>  <b>Xustificación:</b> Enténdense as razón achegadas na alegacións.</p>
<p><b>3. Obxectivos e competencias- TFG</b> Enténdese que a recomendación que se recolle debe referirse ao TFM e non ao TFG.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b>  <input type="checkbox"/> <b>Non</b>  <b>Xustificación:</b>  <b>Corríxese o erro neste informe definitivo.</b></p>
<p><b>4. Acceso e Admisión de estudantes-Datos evolutivos</b> Tal e como se recolleu anteriormente o curso de implantación do mestrado é 2013-2014 aínda non é posible establecer análises evolutivos de oferta-demanda. De todos os modos, no link <a href="http://masterdireccionliderazgo.com/matricula-2015-16/">http://masterdireccionliderazgo.com/matricula-2015-16/</a> pódese acceder, ao final da páxina, á evolución oferta/demanda baixo a modalidade 90 ECTS.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b>  <input type="checkbox"/> <b>Non</b>  <b>Xustificación:</b> Enténdense as razón achegadas na alegacións.</p>
<p><b>5. Planificación das ensinanzas- Prácticas</b> O mestrado non facilita información das prácticas dado que non se contemplan na estrutura do plano de estudos.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b>  <input type="checkbox"/> <b>Non</b>  <b>Xustificación:</b> O título no ten prácticas e non é preciso una maior aclaración</p>
<p><b>6. Recursos Humanos</b> No curso 2013-2014, primeiro ano de implantación do mestrado, non se fixo efectiva ningunha convocatoria institucional do VAD nin do programa DOCENTIA. Polo que non é posible achegar ningunha información ao respecto.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b>  <input type="checkbox"/> <b>Non</b>  <b>Xustificación:</b> Enténdense as razón achegadas na alegacións.</p>

### 3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións

**Resultado:**

- Conforme**  
 **Non Conforme**

#### XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

A totalidade das recomendacións suxeridas no informe final de verificación foron obxecto de análise, dando lugar a correccións ou accións de mellora. Detállase o nivel de cumprimentos das accións de mellora emprendidas.

#### **ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR**

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<b>Admitida:</b> <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <b>Xustificación:</b>